

REGULAMENTO PARA O ENVÍO DE TRABALLOS CIENTÍFICOS

Convidámolo a participar no I Congresso Luso-Galaico en Estomaterapia, coa presentación de traballos científicos en formato de e-póster, de maneira individual ou en grupo.

1. Só serán admitidos resumos de traballos científicos para a súa presentación en formato de *e-póster*.
2. O envío do resumo faise a través do correo estomaterapia@esscvpaltotamega.pt ata o **15 de setembro de 2026**.
3. O resumo debe estar redactado en portugués, galego ou español.
4. Poderán ser remitidos traballos de investigación, proxectos de mellora continua da calidade, revisións da literatura, casos clínicos e proxectos de intervención.
5. Os traballos enviados deben ser orixinais, non publicados nin presentados noutro evento científico.
6. Tras a avaliación polos membros da Comisión Científica, os traballos serán seleccionados en función dos seguintes criterios:
 - a) relevancia do estudo;
 - b) claridade dos obxectivos;
 - c) procedementos metodolóxicos;
 - d) contido científico e orixinalidade;
 - e) calidade e rigor na redacción do texto;
 - f) adecuación da temática ao tema e ao programa do evento científico.
7. A proposta de envío deberá estar composta por:
 - a) Introducción;
 - b) Obxectivos;
 - c) Material e métodos;
 - d) Resultados e conclusións;
 - e) Referencias bibliográficas.
8. Na estrutura do resumo deberán cumprirse os seguintes requisitos:
 - a) Título: deberá estar en MAIÚSCULAS (máximo 100 caracteres);
 - b) Texto: limitado a 2500 caracteres (máximo);
 - c) Afiliación: indicar o nome da institución á que os autores están afiliados;
 - d) Nome dos autores: O nome do primeiro autor deberá figurar en primeiro lugar;
 - e) Entre 3-5 palabras clave, preferentemente de acordo cos descritores DeCS/MeSH.
9. Polo menos o primeiro autor deberá estar inscrito no evento.

10. A aceptación do resumo para presentación en formato de *e-póster*, por parte da Comisión Científica, será comunicada ao primeiro autor mediante correo electrónico.
11. Os *e-pósteres* aceptados pola Comisión Científica deberán ser enviados en formato dixital e en PDF ata **30 de setembro de 2026**, de acordo co modelo (layout) enviado pola Comisión Científica.
12. A comunicación entre a Comisión Científica e os autores realizarase exclusivamente a través do correo electrónico estomaterapia@esscvpaltotamega.pt.
13. Os *e-pósteres* aceptados pola Comisión Científica estarán expostos durante os días do evento nun espazo habilitado para tal fin.
14. Serán outorgados premios aos 2 (dous) *e-pósteres* que obteñan a mellor puntuación. Quedan excluídos os traballos cuxo(s) autor(es) formen parte da Comisión Organizadora e/ou Científica deste evento, aos que só se lles outorgará o certificado de participación con traballo científico no evento.
15. Poderán ser enviados máis dun resumo, ata un máximo de dous, polos mesmos autores, sempre que os resumos non conteñan datos iguais ou semellantes.
16. A Comisión Científica resérvase o dereito de non aceptar o resumo enviado se este non cumpre co establecido neste regulamento.

Comisión Científica: Alberto Parga Lago, Ana Barbosa, Ana Bello, Anabela Pereira, Helena Penaforte, Liliana Miranda, Silvia Parada, Úrsula Iglesias, Vítor Machado